

Informe-proposta

Mediante Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 08/05/2017 acórdase a aprobación das bases que rexerán o proceso de selección para a contratación de persoal para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol. Bases que no seu punto terceiro "Modalidade de contratación de duración do contrato" establece en canto ás retribucións o seguinte:

"As retribucións serán:

- Mil cincocentos setenta e tres euros con trinta e oito céntimos brutos mensuais (1573,38 €) incluído o prorrateo das pagas extraordinarias, no caso do coordinador/a de socorrismo.
- Mil douscentos setenta e seis euros con corenta céntimos brutos mensuais (1276,40 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, no casos dos/das socorristas."

Coa finalidade de adaptar ás ditas bases ao Convenio colectivo xeral do sector de mantemento e conservación de instalacións acuáticas (BOE núm. 1 de 02/01/2017) cómpre a modificación da anterior resolución no seguinte sentido:

"As retribucións serán:

- Mil cincocentos noventa e seis euros con corenta e oito céntimos brutos mensuais (1596,48 €) incluído o prorrateo das pagas extraordinarias, no caso do coordinador/a de socorrismo.
- Mil trescentos noventa e dous euros con trinta e oito céntimos brutos mensuais (1392,38 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, no casos dos/das socorristas."

Polo exposto propóñolle a vostede a adopción do seguinte acordo:

Modificar o Decreto de data 08/05/2017 no seguinte sentido:

Onde di:

"As retribucións serán:

- Mil cincocentos setenta e tres euros con trinta e oito céntimos brutos mensuais (1573,38 €) incluído o prorrateo das pagas extraordinarias, no caso do coordinador/a de socorrismo.
- Mil douscentos setenta e seis euros con corenta céntimos brutos mensuais (1276,40 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, no casos dos/das socorristas."

Debe dicir:

"As retribucións serán:

- Mil cincocentos noventa e seis euros con corenta e oito céntimos brutos mensuais (1596,48 €) incluído o prorrateo das pagas extraordinarias, no caso do coordinador/a de socorrismo.
- Mil trescentos noventa e dous euros con trinta e oito céntimos brutos mensuais (1392,38 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, no casos dos/das socorristas."

Non obstante, vostede resolverá.

Ferrol, 25 de maio de 2017

A xefa de Sección de Recursos Humanos

Ana Belén Ruibal Mariño

Decreto

Examinei a proposta precedente e apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina o alcalde-presidente na Casa do Concello de Ferrol o día

O alcalde

Jorge Juan Suárez Fernández

25 MAI 2017
Diante miña
O secretario xeral